XOSÉ MANUEL BEIRAS

NA ESCOLA DE GALEGOS

Fotografía **Alberte Peiteavel** Textos **Redacción**

"Tede coidado porque eu afumeo todo. Son ilegal e clandestino como Manu Chao. Son de Santiago de Compostela. Nacín na rúa do Vilar. O meu espazo de xogos infantís é a rúa do Vilar, as Praterías, a catedral, tamén xogabamos dentro da catedral. Eu era moi amigo do fillo do xastre da catedral, que facía a roupa talar para o Cabildo e tiña o obradoiro nunha das torres do Obradoiro, a torre da Carraca. Xogabamos ás bolas no lousado das rúas porque como estaba todo entornado era bo para os guas, para o trompo... Ás veces rompiamos algún cristal pero non moitos, tiñamos bastante boa puntería..."

APROXIMACIÓN AO DECÁLOGO DO BO GALEGO... por **Xosé Manuel Beiras**

Eu nunca fun lexislador e quen faga un decálogo do bo galego ten que facelo na práctica e, por desgraza, hai cada vez menos. Pero ben, como estades empeñados.... En primeiro lugar un bo galego ten que ser un ser humano como é debido, senón malamente pode ser un bo galego, a non ser que os galegos non sexamos seres humanos ou que non o debamos ser. Iso ten como consecuencia que non pode existir un decálogo específico para ser bo galego senón para ser boa persoa. E cando digo persoa refírome aos seres humanos, non aos androides porque cada vez hai máis androides, sobre todo en determinados círculos sociais e no poder. Este primeiro punto é fundamental porque aclara que cando se fala de que o nacionalismo é oposto ao internacionalismo é porque non se entende nada.

En segundo lugar para ser persoa hai que desalienarse se estás alienado ou non alienarse se non o estás. A alienación consiste en tomar por propios os valores do teu adversario, do teu oposto, da túa antítese ou doutros, simplemente. Xa sexa como individuo, xa sexa como grupo social, xa sexa como persoa cunha identidade dentro dun colectivo.

En terceiro lugar temos que saber en que consiste a nosa identidade, saber que somos galegos, ou galegas. Ser consciente da túa identidade, de que formas parte dun grupo humano que ten un feitío identitario, unha historia, un idioma, e non unha especie de postizo que tes aí como unha lacra porque non sabes ben español ou coñas polo estilo.

A continuación, hai que exercer con arranxo a iso na túa vida social. E coa maior dignidade. Sobre todo cando sabes que formas parte dun colectivo humano historicamente maltratado, sometido, explotado e reducido a unha condición colonizada. E digo colonizada, aínda que na actualidade parece de risa falar de colonialismo. Eu lin, aos 20 anos máis ou menos, *O retrato do colonizado*, un libro fabuloso do arxelino **Albert Memmi** que fala sobre a realidade do seu país naquel momento. Publicouse case ao final da guerra de Arxelia cun prólogo de **Sartre** e léndoo decateime de que o que contaba era totalmente aplicable ao que eu estaba vendo no meu país. Por exemplo, os nenos arxelinos na Arxelia francesa ían a clase en francés, como aquí os nenos ían en español.

Xa dixen en máis dunha ocasión que os galegos eramos coma os negros, sobre todo os galegos das clases sociais sometidas - polo tanto do pobo, do común, e dicir, practicamente o 90% dos habitantes de Galicia. Que eramos coma os negros, coa diferenza desvantaxosa para nós de que como non tiñamos a pel negra, cando nos ollamos no espello non nos decatabamos, mentres que os negros, polo menos, óllanse no espello e saben que son negros. E non recoñecer a túa propia identidade, é o que significa realmente a colonización cultural e mental. Polo tanto tes que exercer a túa identidade e a túa dignidade e comprometerte dalgunha maneira co combate contra todo o que impide a eclosión desa identidade colectiva. Iso é o nacionalismo emancipador.

E a partir de aí retomar todo o baseamento primordial de ser unha boa persoa e encaixalo dentro dunha concepción da humanidade cara adiante na historia, nunca atrás. Progresista, non chauvinista, non clasista, non sexista...

Iso é ser un bo galego, válevos?

É indispensable ter identidade para ser internacionalista, senón simplemente es unha especie de ser estraño. A humanidade non é un magma nin un océano, non é un sumatorio de individuos, senón que ten unha estrutura como a do átomo, composta de partículas diferentes. E xa a física cuántica, coa súa definición de quantos, rachou definitivamente coa concepción da materia como algo continuo.


Historicamente xurdiu en primeiro lugar o internacionalismo obreiro. O importante son as clases sociais e a clase social explotada, con pequenas variantes, é a mesma en todo o mundo. Dende este punto de vista a solidariedade débese procurar entre as clases explotadas. Non importan os estados nacionais - que fragmentan, fraccionan e dividen - senón a solidariedade internacional de clase. Pero isto é así porque se aplica unha óptica de clase pero esta óptica non é a única que define as identidades.

Da mesma maneira que hai clases explotadas tamén hai pobos explotados, pobos espoliados. Que pasa co terceiro mundo? Son moitos pobos espoliados e ningún deles ten por que renunciar ás súas diferenzas para progresar. A renuncia á identidade é precisamente o que impón a actual globalización que quere uniformizar para ben do capital. É o capital o que esmaga as identidades.

Eu só entendo o nacionalismo como unha expresión dunha identidade cando a identidade é negada. Un nacionalismo emancipador, como un combate para conseguir unha identidade propia con tódolos atributos no plano persoal, no plano social, no plano político. Nunha nación cun aparato de estado propio xa non ten sentido ser nacionalista, pois un nacionalismo cando non é emancipador convírtese automaticamente en chauvinismo ou imperialismo.

E os nacionalismos emancipadores son un dos compoñentes máis importantes dos movementos que, dende xa hai anos, se expresan nos foros sociais mundiais. O nacionalismo dos indíxenas americanos do sur, da nación quechua, da nación aimara. O nacionalismo que se expresa na revolución de Evo Morales, o nacionalismo bolivariano da Venezuela actual. Porque o movemento encabezado por Chaves é un bo exemplo de nacionalismo emancipador que recupera o deseño bolivariano, un deseño totalmente internacionalista. De feito, os movementos indixenistas americanos non son máis que movementos nacionalistas - en clave de culturas sometidas na América latina no proceso de invasión, conquista e colonización na formación dos imperios coloniais español e portugués - que se expresan afirmándose como tales pero non cun criterio chauvinista senón cun criterio de solidariedade, pero de solidariedade dos pobos explotados. Este é un tema que non ten fin...

> “É indispensable ter identidade para ser internacionalista, senón simplemente es unha especie de ser estraño”.



OS ANOS DA ESCOLA

Eu non fun á escola. Eu nacín no 36, xa choveu un pouco, e cadrábame ir á escola en pleno nacionalcatolicismo, fascismo puro e duro. Primeiro aprendín as letras cunha mestra que me daba clase fóra do seu horario escolar, cando eu tiña catro anos. Despois comecei a aprender tamén música aos cinco anos, media hora alterna na Porta da Pena cerca da casa da miña avoa. Entón meu pai e outra serie de pais contrataron un mestre represaliado, ao que lle sacaran a escola, Don Xesús Pereiro, que foi quen nos preparou para o bacharelato. Non fun propiamente á escola. Ata fixen o bacharelato por libre porque iso deu lugar a unha especie de cooperativa de pais que foi aumentando a medida que se incorporaron máis nenos –nos eramos da primeira promoción – e comezaron a contratarse outros profesores para latín, para francés, para inglés....esas cousas... e cando se fixo moi complicado – nós estabamos en quinto ou en sexto – chegaron a un acordo coa academia que tiña Peleteiro e de aí saíu o colexio Peleteiro aínda que despois non tivo nada que ver con isto. Polo tanto, á escola normal non fun ata os dez anos. E menos normal foi que vin a Santa Compaña aos seis anos no Pedroso, preto de San Paio do Monte. No mes de novembro sería, eu non entendía desas cousas pero sei que vin a Santa Compaña e funme polos pantalóns. Tivéronme que dar uns pantalóns de pana dun neno que era amigo, amigo na aldea de San Paio, Carmelo, que logo fíxose zapador. Eu alindaba as vacas con eles e volvín á casa cun pantalón deses coa tira cruzada, como os dos debuxos de Castelao, talmente... Aquelo de ver a Santa Compaña era unha marabilla, pero resultaba moi arrepiante claro. Máis que por medo por unha especie de abraio... Eran luces, había néboa, luces.... comprenderedes que a esa idade o que podo recordar é moi vago pero si que teño a imaxe visual... Evidentemente xa vos daredes conta que non era a Santa Compaña, pero eu estaba convencido de que o era e polo tanto vina ¿non? Cando ti ves unha estrela e ao mellor esa estrela leva dous millóns de anos apagada, que pasa?... pois eu tamén vin a Santa Compaña ¿ou non?



EXAME FINAL

1. ECONOMÍA

Deberiamos ter os cidadáns galegos dereito de retracto sobre as compravendas das empresas galegas?

Non creo que funcionase para nada se os cidadáns non tivesen medios para exercer ese dereito. O problema non está en se o capital é galego ou non é galego. O asunto é se se comporta con arranxo ás pautas necesarias para que ese capital xere o desenvolvemento interno da nosa economía, pero se non o fai... Capital galego era Caixa Ourense, e Caixa Ourense dedicaba unha porcentaxe moi alta dos seus activos – que non eran máis que os depósitos feitos pola xente - a investir no que se chama interbancario. E dicir, a prestarlle cartos aos bancos que tiñan necesidades de caixa, algo absolutamente estéril para o país. E como o que di moita xente, "eu son nacionalista en todo menos no viño, porque o tinto gústame o da Rioja". Pois depende de como sexa o viño, porque na Rioja hai moita merda. O viño por ser galego non ten por que ser peor que o da Rioja. Os tópicos non valen para nada. E o capital galego *per se* é un tópico.

O importante é que a presión directamente participativa da cidadanía impida que se expropie o patrimonio do país ou que o exerza o seu interese a través dunha democracia representativa.

2. POLÍTICA

Despois de que un gran líder coma vostede acade a gloria, que queda para os seus discípulos?

Eu nunca acadei a gloria, nin a perseguín. O único que quixen foi practicar iso que dicía eu que debía ser un galego. Porque senón dedicaríame a tocar o piano ou a aquilo que eu quería ser de rapaz. A min o que me interesaría sería ser un profesor digno, un profesor eficiente, dentro do posible, que nos seus ratos libres lera literatura e tocara o piano, pero fíxate o que fixen... nin fun o profesor que debería ser. Por riba a política institucional é moi



Proba de capacidade para a avaliación dos galegos máis certos

embrutecedora. E discípulos non teño, ou os que teño non son os que están no poder.

Coidado!, estou moi preocupado polo que está ocorrendo. Córrese o risco de que se converta nun fraude á cidadanía que votou polo cambio político, e que en vez dun cambio político haxa simplemente unha alternancia no poder. Unha parte dos cidadáns non votou simplemente para que saísen uns e se puxeran outros, senón para que os que entrasen fixesen cousas diferentes. Cambiar a forma de xestionar o poder, que sexa máis democrático, que haxa menos *amiguismo*, que non haxa corrupción, que sexa máis racional, que non sexa disparatado. Chegou un novo goberno e inicialmente, polo menos, cambiou aspectos da xestión, pero o que non deu feito aínda foi abordar cambios de liña política claros. Se ben eu non creo que todos os políticos sexan iguais, o que si que pode pasar é que os que chegan realmente ao poder si que sexan todos iguais. A única maneira de contrarrestralo é participar como cidadáns dunha maneira activa na política dun xeito permanente. Tal e como están, os partidos resultan obsoletos. Son organizacións oligárquicas que funcionan simplemente para obter cotas de poder no aparato do Estado como obxectivo primordial e non como un medio para cumprir os seus programas.

3. CIENCIAS DA INFORMACIÓN

Temos censura na radio galega?

Eu non din esa información, pero a min ocorreume. Foi a principios de setembro e aínda que estiven moi calado, foi así, claro que si. Dito polos propios responsables do programa. Cando me dixeron "tes que retirarte do faladoiro por razóns técnicas" - polo visto a miña personalidade era demasiado potente, non os decibelios da miña voz - díxenlle: "mira aquí ten que haber outra cuestión", e confesoume que eu molestaba. Se isto que estou dicindo nesta entrevista o digo na radio diante de cen mil persoas, está claro que non lle resulta indiferente aos que están hoxe no poder.

4. ECOLOXÍA

Consellería de medio ambiente ou de catástrofes ambientais?

A consellería de medio ambiente ten que traballar para lograr que non haxa catástrofes ambientais. Iso non se logra en seis meses pero ten que traballar para iso e, en todo caso, para que cando haxa unha catástrofe esteamos en condicións de paliar no posible os estragos da natureza. Con cambiarlle o nome e chamarlle de catástrofes ambientais non remedias nada.

5. ARTE E CULTURA

Que facemos coa Cidade da Cultura?

O que penso da Cidade da Cultura é que é un embolado da megalomanía fraguista.Icíame un amigo máis novo ca min, fillo de paisanos: "Se o meu pai en vez de deixarme as terras ben amañadas, o que me deixa é un Rolls Royce a medio pagar ¿que fago? ¿tiro co Rolls Royce e perdo todo o que xa está pagado ou sigo pagándoo e hipotécome por culpa del?" Como nós non podemos vender, temos que converter a Cidade da Cultura nun cátodo do sistema cultural galego, descentralizado e enlazado a nivel internacional. Con todo o que significa a corrente de enlace coa cultura europea, co mundo lusófono, co mundo latinoamericano e incluso co mundo das culturas doutros continentes. É un proxecto que ten que ter unha dimensión internacional.

Precisamente a cousa sería facer unha nova proposta que estivera moi viva e conectada a institucións de fóra, coma o Consello de Europa (non o de ministros), mesmo no tema do financiamento. Xa sei que isto é moi ambicioso pero é a maneira de saír do *impasse*.